

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS

- 8133** *Real decreto 636/2014, do 25 de xullo, polo que se crea a central de información económico-financeira das administracións públicas e se regula a remisión de información polo Banco de España e as entidades financeiras ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.*

Contar con información económico-financeira coordinada, ordenada e clara, elaborada cuns criterios homoxéneos e referida ás distintas administracións públicas, resulta fundamental para cumprir co principio de transparencia na información pública. Para atender esta necesidade, considérase clave crear unha central de información económico-financeira que simplifique o acceso á información pública e a forma de ofrecela.

Os antecedentes deste instrumento encóntranse na Lei orgánica 5/2001, do 13 de decembro, complementaria da Lei xeral de estabilidade orzamentaria, que estableceu a creación dunha central de información dependente do entón Ministerio de Economía e Facenda, encargada de prover con carácter público de información relativa ao endebedamento das comunidades autónomas e os seus entes dependentes. Non obstante, esta central non se chegou a pór en funcionamento e desde entón fóronse incrementando as obrigas de transparencia ao se publicar cada vez máis información económica das distintas administracións, o que acrecentou o problema da dispersión.

O artigo 28 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, establece que o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas manterá unha central de información, de carácter público, que provexa de información sobre a actividade económico-financeira das distintas administracións públicas, e dispón que a dita central se nutrirá coa información que remitan as administracións públicas, os bancos, caixas de aforros e demais entidades financeiras, así como coa información que provexa o Banco de España en relación co endebedamento das comunidades autónomas e corporacións locais.

Así mesmo, o artigo 6 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, establece o principio de transparencia, dispoñendo a obriga das administracións públicas de subministrar toda a información necesaria para o cumprimento das disposicións da citada lei, así como das normas e acordos que se adopten no seu desenvolvemento.

Este principio complétase, pola súa vez, co disposto no artigo 27 da citada lei orgánica ao establecer, entre outros aspectos, que o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas poderá publicar información económico-financeira das administracións públicas co alcance, metodoloxía e periodicidade que se determine conforme os acordos e normas nacionais e as disposicións comunitarias.

Por outra banda, o 21 de xuño de 2013 foi elevado ao Consello de Ministros o informe elaborado pola Comisión para a Reforma das Administracións Públicas, no cal se incluíu como proposta a creación e posta en funcionamento por parte do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas dunha central de información de carácter económico-financeiro das administracións públicas.

Esta central facilitará a información que é pública no portal do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, [www.minhap.gov.es](http://www.minhap.gov.es), e alimentarase dos contidos que achegarán os centros directivos, que serán os responsables dos datos que xeran, da súa custodia e arquivamento. Para iso, levarase a cabo a homoxeneización dos criterios de publicación da información e establecerase un sistema de goberno que permita o mantemento permanentemente actualizado e completo dos contidos da central.

A creación e posta en marcha da central de información económico-financeira das administracións públicas suporá unha redución dos tempos de busca da información, mellorará a cantidade e calidade da información económica, orzamentaria, financeira e

estadística que publica o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, aumentará a súa interoperabilidade e reutilización e evitará a duplicidade e dispersión das publicacións. En particular, sempre que sexa posible, non existirá duplicidade no almacenamento dos datos que corresponderá ao centro ou entidade fonte dos datos. Todo iso xerará maior transparencia e confianza na información económico-financeira do sector público.

Desde a aprobación da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, e ante as novas exigencias en materia de obrigas de información e transparencia establecidas na normativa europea, foise aprobando numerosa normativa de desenvolvemento no ámbito orzamentario, tributario e financeiro que regula as obrigas de información, con especificación de quen debe remitir a información, que información, con que periodicidade e por que medio, así como que información debe publicarse. De entre estas normas destaca a Orde HAP/2105/2012, do 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, que, en desenvolvemento dos artigos 27.4 e 28.5 da citada lei orgánica, concretou as obrigas periódicas e non periódicas de remisión de información das diferentes administracións autonómicas e locais, e designa o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas como responsable de especificar os modelos e formatos de remisión de información e da súa publicación no seu portal web.

Por outra banda, a través deste real decreto afóndase no desenvolvemento da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, no seu artigo 28, ao desenvolver as obrigas de subministración de información do Banco de España e os bancos, caixas de aforros e demais entidades financeiras ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas sobre o endebedamento das administracións públicas e as súas entidades ou organismos vinculados ou dependentes.

Para culminar o cumprimento do previsto sobre esta materia na Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, e de acordo coa proposta incluída no informe da Comisión para a Reforma das Administracións Públicas e o mandato establecido no artigo 28, dítase este real decreto, que se compón de 12 artigos, estruturados en dous capítulos, e dúas disposicións derradeiras, e que ten por fin a creación e posta en funcionamento da central de información a que se refire o artigo 28 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, cuxo mandato se entenderá cumprido coa entrada en vigor deste real decreto, así como o establecemento das obrigas de información ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas por parte do Banco de España e as entidades financeiras.

O capítulo I, Central de información económico-financeira das administracións públicas, crea a central e regula os suxeitos obrigados á subministración de información, a súa adscrición, funcionamento, contido, os medios e periodicidade da remisión da información, así como as consecuencias derivadas do incumprimento da obriga de subministración de información. Deste modo, a central permitirá sistematizar e coordinar a información económico-financeira referida ás diferentes administracións públicas que xa se publica de acordo coa súa normativa especial aplicable.

En efecto, son as diferentes normas regulamentarias especiais, por razón da materia, as que foron concretando as obrigas de información e publicación da información económico-financeira referida a todas as administracións públicas. Este real decreto non afecta esa regulación senón que, en cumprimento da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, crea unha central de información económico-financeira das administracións públicas que permite presentar a información pública de forma coordinada e sistematizada para evitar duplicidades e ineficiencias. Iso permitirá avanzar na sindicación de contidos cando, pola calidade dos datos ou dos xestores de contidos, iso sexa posible, ou publicación directa de datos a través da central, que irá evolucionando a medida que os medios técnicos lle permitan ir desenvolvendo novas potencialidades tecnolóxicas ao servizo das súas funcións.

Deste modo, o presente real decreto non incrementa as obrigas de subministración de información ou publicación das comunidades autónomas ou entidades locais, que seguirán remitindo a información a que están xa obrigadas coa mesma periodicidade e a través das mesmas canles que establece a normativa vixente. Pola contra, este real

decreto, lonxe de ser unha carga para estas administracións, facilitaralles poderen consultar de xeito ordenado e a través dun único punto toda a información económico-financiera de carácter público que as afecta directamente.

O capítulo II, de remisión de información polo Banco de España e das entidades financeiras, regula a información que deben remitir o Banco de España, os bancos, caixas de aforros e demais entidades financeiras ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, a periodicidade e medios para a súa remisión, así como as consecuencias asociadas ao seu incumprimento.

Na tramitación deste real decreto solicitouse informe da Comisión Nacional de Administración Local e do Consello de Política Fiscal e Financeira.

Este real decreto dítase en exercicio da habilitación legal contida no artigo 28 e na disposición derradeira segunda, punto primeiro da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 25 de xullo de 2014,

DISPOÑO:

## CAPÍTULO I

### Central de información económico-financiera das administracións públicas

Artigo 1. *Creación da central de información económico-financiera das administracións públicas.*

1. Créase a central de información económico-financiera das administracións públicas, á cal se refire o artigo 28 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, a través da cal se proverá con carácter público a información sobre a actividade económico-financiera das distintas administracións públicas no portal web do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

2. A xestión da central de información económico-financiera das administracións públicas será competencia do órgano adscrito ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas que se estableza no seu real decreto de estrutura orgánica.

3. En aplicación do principio de eficiencia, conforme o artigo 7 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, a información económico-financiera que deba ser pública porque así o prevexa a normativa económico-financiera que resulte aplicable publicarase na central de información económico-financiera das administracións públicas. Todo iso sen prexuízo de que a publicidade na mencionada central se efectúe mediante procedementos de sindicación de contidos con outros sitios web e da difusión institucional que poida corresponder a cada órgano, organismo ou entidade.

4. A publicación de información a través da central de información económico-financiera das administracións públicas farase respectando o principio de transparencia a que se refiren os artigos 6 e 27 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, con identificación da fonte que elaborou os datos e sen que haxa duplicidades cos datos que consten nos centros que os elaboran, administran, arquivan e custodian.

Artigo 2. *Funcións.*

O órgano competente para xestionar a central de información económico-financiera das administracións públicas terá as seguintes funcións:

a) Prover publicamente a información sobre a actividade económico-financiera das distintas administracións públicas en cumprimento do previsto na Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, a súa normativa de desenvolvemento, a normativa da Unión Europea e o resto da normativa económico-financiera que resulte aplicable.

b) Establecer criterios homoxéneos de subministración e publicación da información procedente dos suxeitos comprendidos no artigo 5 e aplicar un sistema de goberno que permita a xestión e o mantemento permanentemente actualizado e completo dos contidos que se proporcionen desde a central, para o cal poderá acceder á información que resulte necesaria.

c) Coordinar a subministración da información económico-financeira das diferentes administracións públicas que se deba publicar a través da central procedente dos suxeitos previstos no artigo 5.

d) Coordinar, facer seguimento e publicar o calendario mensual de publicación de datos con indicación dos centros directivos responsables que os elaboran, de conformidade co previsto na normativa económico-financeira que resulte de aplicación, respectando os prazos nos seus procesos de elaboración.

*Artigo 3. Información que se publicará a través da central de información económico-financeira das administracións públicas.*

Publicarase a través da central a información económico-financeira das administracións públicas que, de acordo coa súa normativa reguladora, deba ser pública, atendendo aos termos e periodicidade prevista na dita normativa. Entre esta información estará a seguinte:

a) A información que se debe publicar de conformidade coa Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, a Orde HAP/2105/2012, do 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, e o resto da normativa de desenvolvemento da mencionada lei orgánica.

b) As previsións utilizadas para a planificación orzamentaria, así como a metodoloxía, supostos e parámetros en que se baseen, de conformidade co disposto no artigo 6.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril.

c) A información relativa aos ingresos de todas as administracións públicas e os datos de execución orzamentaria, incluídos os datos que teñan carácter público relativos ás pensións do réxime de clases pasivas do Estado.

d) Información relativa á participación das entidades locais nos tributos do Estado.

e) Información relativa ao endebedamento do Estado, comunidades autónomas e corporacións locais.

f) Información relativa ao período medio de pagamento das administracións públicas.

g) Información sobre o custo efectivo dos servizos das entidades locais.

h) O acceso mediante enlace sindicado ao inventario de entes do sector público estatal, autonómico e local que publique a Intervención Xeral do Estado.

i) A información relativa aos fondos europeos concedidos polas diferentes administracións públicas e as súas entidades ou organismos dependentes ou vinculados.

j) O acceso mediante enlace sindicado á información relativa a pensións e afiliacións á Seguridade Social procedente do Ministerio de Emprego e Seguridade Social.

k) O resto de información económico-financeira relativa a calquera das administracións públicas, as súas entidades ou organismos vinculados ou dependentes.

*Artigo 4. Publicidade.*

A través da central de información económico-financeira das administracións públicas publicarase a información a que se refire o artigo 3 no portal web do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, cando a normativa especial reguladora da materia prevexa a súa publicidade e coa periodicidade indicada na mencionada normativa.

## Artigo 5. *Suxeitos obrigados á subministración da información.*

1. Están obrigados á subministración da información ao responsable da central de información económico-financeira das administracións públicas a través da propia central:

a) Os centros directivos do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas responsables da información, así como as súas entidades ou organismos dependentes ou vinculados.

b) Os centros directivos do resto de departamentos ministeriais en que se estrutura a Administración xeral do Estado, así como as súas entidades ou organismos dependentes ou vinculados.

2. Os suxeitos a que se refire o punto anterior estarán obrigados a proporcionar, de oficio, á central de información económico-financeira das administracións públicas, con carácter periódico e individual, os datos e información necesaria ou a actualización da sindicación de contidos ou outros procedementos técnicos de interoperabilidade que eviten a duplicidade no arquivamento da información que corresponde ao centro ou entidade fonte desta, en cumprimento do disposto neste real decreto. Así mesmo, deberán atender os requirimentos de información que para estes efectos lles formule o responsable da mencionada central.

3. O cumprimento da obriga de subministración de información á central de información económico-financeira das administracións públicas non exime os suxeitos mencionados no punto primeiro deste artigo das súas obrigas e responsabilidade respecto ao contido da información subministrada, o seu arquivamento e custodia.

## Artigo 6. *Periodicidade e medios de subministración da información.*

1. O cumprimento das obrigas de subministración de información a que se refire o capítulo I deste real decreto efectuarase por medios electrónicos a través do sistema que o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas habilite para o efecto. Naqueles casos en que o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas o considere necesario, efectuarase mediante sinatura electrónica avanzada baseada nun certificado recoñecido dos regulados na Lei 59/2003, do 19 de decembro, de sinatura electrónica.

2. A dispoñibilidade, o envío e a captura da información prevista no capítulo I deste real decreto poderase realizar mediante procedementos de sindicación de contidos con outros sitios web, cando a calidade da información ou dos xestores de contidos así o permita, ou ben a través de modelos normalizados ou sistemas de carga masiva de datos habilitados para o efecto, que serán aprobados por orde do ministro de Facenda e Administracións Públicas.

3. A información prevista no capítulo I deste real decreto subministrarase ao responsable da central de información económico-financeira das administracións públicas cunha periodicidade mensual, trimestral, semestral ou anual ou outra, segundo corresponda, de conformidade co establecido na normativa económico-financeira que resulte aplicable de acordo coa natureza da información.

## Artigo 7. *Incumprimento da obriga de subministración de información.*

1. Sen prexuízo da posible responsabilidade persoal que corresponda de acordo co previsto na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, ou noutra normativa de aplicación, o incumprimento das obrigas de subministración de información recollidas no capítulo I deste real decreto, tanto no referido aos prazos establecidos, ao correcto contido e idoneidade dos datos requiridos ou ao modo de envío, dará lugar a que o responsable da central de información económico-financeira das administracións públicas formule un requirimento de cumprimento que notificará tanto ao suxeito incumpridor da súa obriga, de acordo co previsto no artigo 5, como ao titular do ministerio de que dependa.

2. O requirimento de cumprimento indicará o prazo, non superior a quince días naturais nin inferior a dez, para atender a obriga incumprida con apercibimento de que, transcorrido o mencionado prazo, se procederá a dar publicidade do incumplimento no portal web do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas. Así mesmo, o ministro de Facenda e Administracións Públicas porao en coñecemento do Consello de Ministros.

*Artigo 8. Acceso á información aloxada na central de información económico-financeira das administracións públicas.*

Con independencia de que a información que consta na central de información sexa pública para xeral coñecemento, o responsable da central porá á disposición da autoridade independente de responsabilidade fiscal, do Consello de Política Fiscal e Financeira das Comunidades Autónomas e da Comisión Nacional de Administración Local, nos ámbitos que os afecten, a información que estes lle soliciten expresamente. Para iso, o responsable da central poderá canalizar as peticións de información económico-financeira que reciba aos centros directivos que correspondan para que dean resposta no prazo de 10 días.

*Artigo 9. Conservación dos datos.*

1. O responsable da central de información económico-financeira das administracións públicas ou, no caso de sindicación de contidos, o centro directivo ou entidade responsable da información, asumirá o arquivamento e custodia da información que consta na mencionada central de información.

2. Os datos e información publicados a través da central de información económico-financeira das administracións públicas conservaranse, polo menos, durante dez anos contados desde a data a que se refiran. Non obstante, poderán conservarse indefinidamente aqueles datos e información cun fin histórico, estatístico ou científico.

## CAPÍTULO II

### **Remisión de información polo Banco de España e as entidades financeiras**

*Artigo 10. Remisión de información polo Banco de España e as entidades financeiras.*

1. O Banco de España remitiralle ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas a información subministrada polos bancos, caixas de aforros e as demais entidades financeiras á Central de Información de Riscos do Banco de España, relativa ás operacións de crédito concertadas polas administracións públicas con esas entidades financeiras, incluídos os avais, reavais ou calquera outra clase de garantías outorgadas no marco destas operacións de crédito. Así mesmo, deberalle remitir ao órgano competente, por razón da materia, do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, a información relativa ás operacións de crédito que concertasen cada unha das administracións públicas e as súas entidades e organismos vinculados ou dependentes cos bancos, caixas de aforros e demais entidades financeiras, así como a súa posición debedora, ou outros datos concretos relativos ao seu endebedamento ou determinadas operacións de crédito.

2. O Ministerio de Facenda e Administracións Públicas poderalles solicitar aos bancos, caixas de aforros e ás demais entidades financeiras outra información relativa ás operacións de crédito e información sobre avais, reavais ou calquera outra clase de garantías concertadas coas administracións públicas e as súas entidades e organismos dependentes, diferente á subministrada á Central de Información de Riscos do Banco de España, cando esta for insuficiente ou for necesario coñecer información máis detallada sobre determinadas operacións de crédito.



*Artigo 11. Periodicidade e medios de remisión da información.*

1. O cumprimento das obrigas de subministración de información a que se refire o artigo anterior efectuarase por medios electrónicos a través do sistema que o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas habilite para o efecto, logo de consulta ao Banco de España. Naqueles casos en que o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas considere necesario, o envío efectuarase mediante sinatura electrónica avanzada baseada nun certificado recoñecido dos regulados na Lei 59/2003, do 19 de decembro, de sinatura electrónica.

2. O Banco de España subministrará antes do día 30 de cada mes a información referida a cada unha das administracións públicas, Estado, cada comunidade autónoma e cada entidade local relativa ao mes inmediatamente anterior.

O Ministerio de Facenda e Administracións Públicas poderá formular, en calquera momento, requirimentos de información aos suxeitos previstos no artigo 10 para obter os datos con maior frecuencia ou obter outros datos máis concretos cando a información remitida non resulte suficiente ou sexa necesario actualizala ou coñecer información máis detallada sobre determinadas operacións de crédito.

*Artigo 12. Incumprimento da obriga de subministración de información.*

1. Sen prexuízo da posible responsabilidade persoal que corresponda, de acordo co previsto na Lei 19/2013, do 9 de decembro, ou outra normativa de aplicación, o incumprimento das obrigas de subministración de información recollidas no capítulo II deste real decreto, tanto no referido aos prazos establecidos, ao correcto contido e idoneidade dos datos requiridos como ao modo de envío, dará lugar a que o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas formule un requirimento de cumprimento que notificará ao suxeito incumpridor da súa obriga.

2. O requirimento de cumprimento indicará o prazo, non superior a quince días naturais, para atender a obriga incumplida con apercibimento de que, transcorrido o mencionado prazo, se procederá a dar publicidade do incumprimento no portal web do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas e:

a) Se o suxeito incumpridor é un banco, caixa de aforros ou outra entidade financeira, o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas comunicarllo ao Banco de España.

b) Se o suxeito incumpridor é o Banco de España, o ministro de Facenda e Administracións Públicas porao en coñecemento do Consello de Ministros.

*Disposición derradeira primeira. Habilitación normativa.*

Habíltese o ministro de Facenda e Administracións Públicas, no ámbito das súas competencias, para ditar as disposicións e adoptar as medidas necesarias para o desenvolvemento e execución do establecido neste real decreto.

*Disposición derradeira segunda. Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 25 de xullo de 2014.

FELIPE R.

O ministro de Facenda e Administracións Públicas,  
CRISTÓBAL MONTORO ROMERO